

MATERIAIS:

- Material funxible necesario para os distintos proxectos
- Material gráfico diverso (láminas, murais, fotos...)
- Recursos informáticos (vídeos, xogos interactivos dixitais...)
- Fichas fotocopiáveis e de elaboración propia para os proxectos
- Biblioteca de aula
- Elementos do entorno
- Carpeta de fundas
- Saídas educativas relacionadas

PLAN DE TRABALLO:

Os contidos da área de Ciencias Sociais trabállanse a partir dos materiais indicados e abordando os seguintes bloques:

- Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía.
- Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sostible.
- Bloque 3. Vivir en sociedade
- Bloque 4. Leccións do tempo.

A aprendizaxe destes contidos lévase a cabo a través de pequenos proxectos de investigación co obxectivo de desenvolver as competencias clave de xeito significativo, dinámico e vivencial.

Estes proxectos teñen a seguinte estrutura: "1. que sabemos?, 2. que queremos aprender? e 3. que aprendemos?". Así mesmo e con carácter xeral, a distribución do traballo será a seguinte:

- Introducción explicativa do tema a tratar mediante visionado de vídeos, láminas ou lectura de contos ou textos breves.
- Expresión oral dos alumnos sobre a temática aportando as súas experiencias e coñecementos previos (chuvia de ideas).
- Decisión consensuada e guiada do que imos aprender.
- Traballo en pequenos proxectos de investigación.

- Resumo do aprendido plasmado no traballo final de cada proxecto.

CONTIDOS POR TRIMESTRE:


Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<u>A TERRA</u>	<u>A NOSA LOCALIDADE</u>	<u>AS PEGADAS DO TEMPO</u>
<ul style="list-style-type: none"> -A Terra e o sol - Día/noite - Estacións - A lúa - A atmosfera e o tempo atmosférico - Orientación espacial en planos,debuxos e maquetas da contorna próxima. - Responsabilidade ecosocial. Uso sustentable dos bens comúns. - Hábitos de vida sustentable. O aire e a contaminación atmosférica. 	<ul style="list-style-type: none"> - Concello de Culleredo. A convivencia pacífica, cultura da paz e non violencia. - A localidade e o seu goberno. O concello, o exercicio activo da cidadanía. Pertenza a grupos sociais (deportivos, recreativos,culturais). - Igualdade de xénero. -Seguridade viaria. - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos. - Medios de transporte máis comúns na contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar o paso do tempo. - O ciclo vital e as relacións interxeneracionais. Árbore xenealóxica... - As expresións e producións artísticas a través do tempo. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia locale a biografía familiar...

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis son o referente para avaliar a adquisición dos contidos por parte do alumnado. Aplícanse os distintos tipos de avaliación (autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación) a través dos instrumentos indicados na táboa. En función dos seus resultados as cualificacións rexístranse mediante número (1,2,3,4,5,6,7,8,9,10) e do seguinte xeito: In (Insuficiente), SUF (Suficiente), BE (Ben), NT (Notable) e SB (Sobresáinte).

BLOQUES DE CONTIDO	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	%
1. Contidos comúns da área	<ul style="list-style-type: none">• Escala de observación• Rexistro anecdótico• Revisión do traballo cotiá• Intercambios orais•	50
2. O mundo que nos rodea	<ul style="list-style-type: none">• Escala de observación• Rexistro anecdótico.• Revisión do traballo cotiá• Intercambios orais••	20
3. Vivir en sociedade	<ul style="list-style-type: none">• Escala de observación• Rexistro anecdótico.• Revisión do traballo cotiá• Intercambios orais••	10
4. Leccións do tempo	<ul style="list-style-type: none">• Escala de observación• Rexistro anecdótico.• Revisión do traballo cotiá• Intercambios orais••	20



CEIP de TARRIÓ
CULLEREDO